

# XORNADA INFORMATIVA

*Encontro informativo entre persoal técnico de administración local e entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom).*

*A Coruña—21 de novembro de 2017*

AB-AUCATEL INSPECCIÓN Y CONTROL SLU



VERIFICALITAS SL



ADDIENT EMPRESA CERTIFICADORA SLU



AECLU LICENCIAS URBANÍSTICAS SL



AUROPEAN QUALITY ASSURANCE SPAIN SL



**Lugar de desenvolvemento (\*):**

*Sede de Cosital A Coruña. R/ Cantón Grande nº 6, 10ª A.*

*(\*) O lugar de celebración poderá ser modificado por necesidades de aforo. A modificación será notificada cunha antelación mínima de 5 días naturais á data prevista para a celebración da actividade.*

**Data de celebración** \_\_\_\_\_

21 de novembro de 2017.

**Horario** \_\_\_\_\_

De 17:00 a 20:00 horas.

**Información e inscrición** \_\_\_\_\_

Teléfono: 981 22 12 20.

Correo: [administracion@cositalcoruna.es](mailto:administracion@cositalcoruna.es) (\*\*)

Data límite de inscrición: 15 de novembro de 2017

*(\*\*) O Correo deberá recoller o nome e apelidos do interesado, con indicación de DNI, posto ocupando, administración de destino e teléfono de contacto. O remite será considerado como correo a efectos de comunicacións, salvo indicación en contra.*

## Obxectivos

O Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, regula o réxime xurídico das entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom), ás que corresponden as seguintes funcións:

- Certificación da conformidade coa normativa aplicable no ámbito municipal das instalacións, establecementos, actividades e obras destinadas a unha actividade económica que vaian ser obxecto de comunicación previa ou de solicitude de licenza ante a Administración municipal.
- Colaboración no exercicio das competencias de comprobación e inspección de instalacións, establecementos, actividades e obras destinadas a unha actividade económica.
- Control periódico da conformidade das instalacións, establecementos, actividades e edificacións ou construcións destinadas a unha actividade económica coa normativa aplicable no ámbito municipal.

Este encontro nace co obxectivo de favorecer o intercambio de opinións entre os axentes -públicos e privados- implicados na tramitación de procedementos a través desta novidosa figura. A xornada adoptará un formato plenamente aberto, en que todos os asistentes terán ocasión de plantexar as súas dúbidas.

## Destinatarios

Secretarios de Administración Local, así como outros empregados locais cuxo posto de traballo garde relación co obxecto da xornada.

---